



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS E AXUDAS LIBROS E MATERIAL

O prazo para presentar as solicitudes **remata o 21 de xuño de 2023**.

Poderán presentar a solicitude o pai, a nai ou o titor legal do alumnado.

Axudas material: ESO.

Axudas fondolibros: de 2º ESO a 4º ESO (en 1º ESO teremos EDIXGAL).

O alumnado que repita 4º ESO, disporá dun mes contado a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula para presentar a solicitude.

O alumnado que non sexa admitido na FPB e finalmente se matricule en ESO, disporá dun mes contado a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula para presentar a solicitude.

Presentarase unha soa solicitude para todos os fillos.

A solicitude presentarase, preferentemente, por vía electrónica a través de:

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

Opcionalmente, pódese presentar no centro e o impreso pódese recoller na secretaría do centro ou descargar.

Documentación necesaria:

- ★ Anexo I.
- ★ Anexo II.
- ★ Copia do libro de familia. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2021:
 - certificado ou volante de convivencia a 31 de decembro de 2021.
 - informe dos servizos sociais.
- ★ Sentenza xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.
- ★ Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica, se é o caso.
- ★ Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero, se é o caso.
- ★ Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade, se é o caso.
- ★ Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia: copia da resolución xustificativa de acollemento ou certificado do centro de menores.
- ★ Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello, no caso de que o pai ou a nai ou os titores legais carezan de DNI e NIE.